

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

ANO 2016

**GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL
ULLA TAMBRE MANDEO**



Estimadas amigas e amigos,

Teño o pracer de presentar esta memoria anual do 2016 do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo, un ano importante, en canto á definición dun novo territorio, ó traballo no deseño da Estratexia de Desenvolvemento Local, e grazas á participación de toda a poboación, na consecución dun novo Programa Leader, que comeza a súa andadura xa no ano 2017.

A oficina do GDR permaneceu pechada durante todo o ano 2016, pero a actividade continuou, pois o proceso participativo do Leader, no que cada axente local ten que definir os nosos recursos e a mellor forma de darlles uso, levou a oficina polos pobos e parroquias. Houbo numerosas reunións, algunhas con expertos locais que pertencen ó GDR en pequenos grupos, e unha en cada concello aberta á poboación en xeral. A estratexia foi mellorada e ratificada pola Asemblea Xeral, e por fin, despois de meses de reunións e traballo, o 1 de de xullo presentouse ante a Consellería de Medio Rural.

É un orgullo que o territorio siga existindo, con pequenas variacións. Non era fácil, pois o número de GDRs reduciuse en Galicia de 31 a 24, pero grazas ó apoio da Xunta Directiva, da Asemblea Xeral e de cada un dos concellos, que presentaron alegacións e propostas, aquí estamos, o GDR Ulla Tambre Mandeo xestionará un novo Programa Leader neste período 2014-2020.

Tócanos agora traballar con responsabilidade para dar o mellor destino a cada euro asignado pola Consellería de Medio Rural para este grupo. Facer que cada euro se multiplique é labor de todos, pero sobre todo, é labor das empresas e persoas que cada día solicitan as axudas para montar ou ampliar

os seus negocios. Para eles traballamos e en eles confiamos para facer deste rural un rural mellor para vivir.

No 2016 comezou tamén o proceso de selección do equipo técnico. Pola súa experiencia, formación e coñecementos, María Fernández e María Mellid acadaron a mellor puntuación no proceso, e serán elas as persoas que levarán á práctica as encomendas da Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Nelas recae a responsabilidade de facer os trámites diarios na xestión das axudas e atender a oficina. A miña confianza nelas é plena e estou seguro de que saberán como xestionar o día a día da asociación que presido.

Temos uns obxectivos ambiciosos para os vindeiros catro anos, e moito traballo por facer, toda axuda e participación é benvinda. Gracias por prestarlle ó GDR a vosa voz e experiencia.

Un afectuoso saúdo,



Don Ovidio Leiva
Presidente

XUNTA DIRECTIVA**Presidente**

Ovidio Leiva Pereiro

Presidente Asoc. A Braña**Vicepresidentes**

Manuel Taboada Vigo

Alcalde Concello O Pino**Tesoureiro**

Alfonso Gómez Corzo

Presidente Asoc. Empresarios Comarca de Arzúa**Secretario**

Pablo Costoya Varela

Presidente Soc. Coop. Melisanto**Vocais**

Álvaro Fotecova Vázquez

Presidente CMVMC Boimil

María Jesús Novo Gómez

Alcaldesa Concello Boimorto

Dalia García Couso

Alcaldesa Concello Melide

Manuel Vázquez García

Presidente de Asoc. Empresarios Terra de Melide

Pilar Pintor Gómez

Presidenta Asoc. de Mulleres Rurais Río Noa Amfar

Matilde Pallares Cagide

Presidenta Asoc. Triemociones

Begoña López Martínez

Concelleira Concello Santiso

Manuel Agra Fernández

Presidente Asoc. Arrieiros

Ángel López Fidalgo

Concelleiro Concello Sobrado dos Monxes

José Ángel Penas García

Alcalde Concello Toques

Josefa Codesido Barreiro

Presidenta Asoc. de Amas de Casa Amor

Jesús Martínez Pereira

Presidente AAVV. San Félix de Quión

Manuel Barreiro Fernández

Presidente AAVV. San Miguel de Vilar

Ignacio Codesido Barreiro

Alcade Concello Touro

Fernando Pérez Fernández

Alcalde Concello Vilasantar

Joselino Gómez Gundín

SAT San Martín de Armental

Manuel Varela López

Presidente de Perpetuo Socorro SCG

ASEMBLEA XERAL

Asoc. de Empr. da Comarca de Arzúa (AECA)
Representante • Alfonso Gómez Corzo

Asoc. Nosa Sra Do Viso de Dombodán
Representante • Miguel Vallo García

Asoc. de Empresarias Rurais ASER
Representante • Minia Varela Antas

Asoc. EFA Galicia
Representante • Carmen Espiñeira García

Soc. Cooperativa Perpetuo Socorro
Representante • Manuel Varela López

Concello de Arzúa
Representante • José Luís García López

Concello de Boimorto
Representante • M^a Jesús Novo Gómez

CMVMC de Boimil
Representante • Álvaro Fontecoba Vázquez

Sociedade de Caza Cinexética de Boimorto
Representante • Álvaro Costoya Valiño

Asoc. Cultural Sta María dos Ánxeles
Representante • Laura Fogueira García

Concello de Melide
Representante • Dalia García Couso

Asoc. Empr. Terra de Melide (ASETEM)
Representante • Manuel Vázquez García

Club de Caza de Maceda
Representante • Santiago Liñeira Abad

Fungocerga SAT
Representante • Santiago Liñeira Casal

Sociedade Cooperativa Melisanto
Representante • Pablo Costoya Varela

Asoc Deportiva Cazadores de Melide
Representante • Juan Manuel González G.

Concello de O Pino
Representante • Manuel Taboada Vigo

Asoc.Cultural Os Marteiros
Representante • Alfonso Rey Gigirey

Sociedade de Cazadores A Magdalena
Representante • José Barreiro Barreiro

Cooperativa Cosoviam
Representante • Alberto Riveira García

Asoc. de Mulleres Río Noa Amfar
Representante • Pilar Pintor Gómez

Sociedade Deportiva O Pino
Representante • Manuel Mosteiro Castro

Concello de Santiso
Representante • Begoña López Martínez

Asoc. Sociocultural Santiso
Representante • Antonio Pazo Vázquez

Asoc. San Esteban de Pezobrés
Representante • Jose Manuel Laya

Asoc. Arrieiros
Representante • J. Manuel Agra Fernández

Asoc. Turismo de Aldea
Representante • Matilde Pallares Cagide

AAVV de Arcediago, Rairiz e Mourazos
Representante • Matilde Pallares Cagide

Asoc. Cultural A Braña
Representante • Ovidio Leiva Pereiro

Soc de Caza Sta M^a de Barazón
Representante • José Antonio Roca Gómez

Concello de Sobrado
Representante • Ángel López Fidalgo

SAT Rebordiños
Representante • M^a Celia Sánchez

Asociación de Emp. e Comercio de Sobrado
Representante • Silvia Barba Abad

Asoc mulleres rurais A Maristela
Representante • M^a Ángeles Sánchez Arias

Concello de Toques
Representante • Jose Ángel Penas García

Sociedade de Caza e Pesca A Xuntanza
Representante • Arturo Penas Prado

Concello de Touro
Representante • Ignacio Codesido Barreiro

AAVV. San Félix de Quión
Representante • Jesús Martínez Pereira

AAVV. San Miguel de Vilar
Representante • Manuel Barreiro Fernández

AAVV. Sta Isabel de Bendaña
Representante • José R. Barral Lago

AAVV. Sta Isabel de Bendaña
Representante • José R. Barral Lago

Asoc. de Amas de Casa Amor
Representante • Josefa Codesido Barreiro

Asoc. de Mull. Rurais de Touro/AAVV Foxás
Representante • M^a Carmen Díaz Soto

AAVV. do Batán
Representante • M^a Carmen Santiso Santos

AAVV. de San Vicente de Bama
Representante • César Pena Suárez

ANPA A Santaia do CPI Fonte Díaz
Representante • M^a Elvira Martínez López

Banda de Música Isabel II
Representante • Manuel Rodríguez Calvo

Comisión de Festas Xuventude de Quión
Representante • M^a José Rial Cutrín

Escudería Touro Motor
Representante • Ramón González Villar

Sociedade Deportiva Touro
Representante • Antonio García Ferreiro

AAVV. As Mimosas de Mouterón
Representante • José M^a Fernández Puga

Gandería Sar SAT
Representante • Carlos Fernández Ares

Concello de Vilasantar
Representante • Fernando Pérez Fernández

SAT Chao
Representante • José M. Mahía Porto

SAT. San Martín de Armental
Representante • Joselino Gómez Gundín

Asoc. de Familias Rurais San Roque
Representante • Antonio Vázquez Rodríguez

APRALCO
Representante • J. David Leiva Balboa

Asoc. Profesional de Silvicultura Silvanus
Representante • Antonio de María Angulo

Asoc. Turística Triemociones
Representante • Matilde Pallares Cagide

Asoc. Turística Terras de Ulla e Tambre
Representante • Eduardo Brandariz Costoya

XUNTAS DIRECTIVAS E ASEMBLEAS CELEBRADAS NO 2016: PRINCIPAIS ACORDOS

Xunta Directiva do día 29 de marzo de 2016

- ✓ Contratar ás excompoñentes do equipo técnico, baixo o réxime de conta propia e cun contrato mercantil, para o deseño e elaboración da estratexia participativa de desenvolvemento local, e constituír para elo un tope de 13.200 € coas condicións acordadas pola Xunta Directiva.
- ✓ Convocar á Asemblea Xeral para modificar os estatutos nos puntos esixidos para concorrer á selección de estratexias e Grupos de Desenvolvemento Rural para a xestión dun novo Programa Leader.

Xunta Directiva do 21 de abril de 2016

- ✓ Preparación e proposta para a modificación dos estatutos á Asemblea Xeral.

Asemblea Xeral Extraordinaria do 21 de abril de 2016

- ✓ Apróbase por unanimidade os cambios nos estatutos que afectan ós seguintes aspectos, fundamentalmente: cambio de nome, de ámbito territorial, proceso de toma de decisións e composición da xunta directiva.

Xunta Directiva do día 24 de maio de 2016

- ✓ Acórdase propoñerlle á Asemblea Xeral eliminar a cota anual para as entidades asociadas privadas e incrementar a cota para os concellos, establecéndose en 400 euros para concellos de menos de 2.500 e 600 euros para os de máis.
- ✓ Apróbase a renuncia a vogal da Xunta Directiva de Matilde Pallares como representante da Asociación Turismo de Aldea, de Arturo Penas da Asociación de Caza e Pesca A Xuntanza e de David Leiva de Apralco. Desta maneira cúmprese o novo requisito establecido nos estatutos de ter un número máximo de membros de 21.
- ✓ Apróbase a entrada como entidade asociada ó GDR do Concello de Arzúa.
- ✓ Apróbase abrir unha liña de crédito cunha entidade financeira co fin de facer fronte ós pagos ordinarios do GDR.

- ✓ Acórdase presentar o borrador da Estratexia de Desenvolvemento Local (EDL) participativo en Asemblea Xeral o seguinte 7 de xuño.
- ✓ Analízase o DAFO do territorio e dun borrador dos baremos de proxectos para a concesión de axuda.

ASEMBLEA XERAL do día 7 de xuño 2016

- ✓ Analízase o borrador da EDL, baremos e limitacións sectoriais en canto á subvencionabilidade de servizos, comercio polo miúdo e centros sociais, e introdúcense algúns aspectos relevantes: potenciación do sector forestal, creación de redes e apoio e participación de asociacións en tódolos ámbitos, interrelación entre sectores, fomento dos produtos agroalimentarios no Camiño.
- ✓ Ratifícanse as propostas da Xunta Directiva en canto ós membros da mesma, e ás cotas das entidades públicas asociadas.
- ✓ Apróbase a entrada das seguintes entidades no GDR: Asociación A Maristela de Mulleres Rurais, de Sobrado; Sociedade de Caza Santa María de Barazón, de Santiso, e Sociedade Deportiva de Cazadores de Melide

Xunta Directiva do 21 de xullo de 2016

- ✓ Preparación das contas e memoria de actividades para a presentación á Asemblea Xeral
- ✓ Adopción de acordos para o proceso de selección de personal.

Asemblea Xeral do 21 de xullo de 2016

- ✓ Apróbase as contas e actividades do 2016 e a previsión para o 2017.
- ✓ Tómanse a selección de proxectos para o Programa Leader:

Aula TIC e elementos interactivos para Touro e a interpretación do río Ulla, promovido polo Concello de Touro.

Tecmodulo, promovido por Tecnología Modular VLC SL.

Xunta Directiva do 19 de setembro de 2017

- ✓ Acórdase a selección dunha consultora para a selección de personal para a xestión do Programa Leader.

Xunta Directiva 11 de novembro de 2016

- ✓ Elaboración e aprobación das bases de selección de personal.

Xunta Directiva 28 de decembro de 2016

- ✓ Elabórase a estrutura do exame e revísanse o listado de aspirantes admitidos en listas provisionais e definitivos, xunto coas alegacións presentadas.

A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA



Na elaboración da estratexia do Ulla Tambre Mandeado adoptouse o punto de vista multisectorial polo que aposta o Programa Leader desde os seus comezos. Adoptar esta perspectiva multisectorial, supuxo analizar a totalidade dos recursos produtivos, económicos, sociais e de identidade que compoñen o capital endógeno do territorio e a súa inclusión conxunta e funcional na estratexia de desenvolvemento local, baseada na interacción dos axentes do territorio e nos proxectos dos distintos sectores da economía local, coa aplicación de enfoques innovadores.

Leader significa “Relación entre actividades de desenvolvemento rural”, polo que esta estratexia non so contempla medidas en diferentes sectores (incluíndo tamén ó primario, pero non so iso), senón que, sobre todo, prové de proxectos e medidas que supoñen a interacción entre sectores, aproveitando a capacidade de arrastre duns para o crecemento e desenvolvemento doutros, sempre dende un punto de vista sostible e innovador.

A estratexia elabórase a través de propostas integradas, nas que se teñen en conta a transversalidade e permeabilidade entre sectores, aproveitando o coñecemento dos axentes locais e as relacións entre eles, e contando coa

proximidade das cidades da provincia, que nos provén de un valioso mercado no que colocar os nosos produtos, un importante nicho de coñecemento con posibles inversores e emprendedores, e tamén dunha gran cantidade de persoas que está desexando coñecer e gozar o rural que teñen tan preto.

Dadas as características do noso territorio, as propostas multisectoriais dan moita importancia ó sector agroalimentario, sobre todo ó queixo de gran tradición, como así o avala a existencia da D.O.P. Arzúa-Ulloa. Esta industria, se a poñemos en relación directa co turismo, dominado principalmente por tres Camiños de Santiago, pode supoñer un impulso económico e a valorización dun produto, o leite, de gran importancia nas nosas vilas, e que está a sufrir tantas dificultades nos últimos anos.

O Camiño de Santiago é un eixe fundamental na estratexia, e aproveitarase non so para dar a coñecer os nosos produtos e crear novos servizos e expresións artísticas e culturais, como sempre serviu, senón tamén para conseguir segundas visitas ó territorio, pois despois do Camiño, aquí queda moito por descubrir. Por exemplo o Río Ulla, de gran importancia natural, cultural e económica. A estratexia ten o moi ambicioso obxectivo de convertelo na referencia galega do turismo ambiental, como produto turístico sostible e integral. En todo caso, polo orzamento e tempo necesarios non será posible conseguir o obxectivo completo no 2020, polo que se prevé unha segunda fase que proseguirá no período seguinte.

Tamén o sector forestal, co gran problema do cada vez maior monopolio da plantación de coníferas,

se aborda neste traballo. Porque se ben o monte ten esa gran cualidade de servir de segunda renda ou de renda extra nos momentos de apuro, e deu moito servizo nos duros anos da crise que aínda non nos deixou, tamén é verdade que se necesitan novas opcións innovadoras para poder conservar parte da nosa paisaxe e cultura, diversificar as especies e reducir a excesiva dependencia do eucalipto. Por iso esta estratexia propón un conxunto de medidas para relacionar o monte e os seus produtos e subprodutos co sector da saúde, a beleza, o ocio, a educación a enerxía ou o deseño.

O Leader pretende influír tamén na estrutura industrial do territorio, coa introdución de medidas que xeren sinerxías coas empresas galegas máis punteiras, e achegando o coñecemento ás nosas empresas, pois moitas veces os centros máis importantes de creación de coñecemento (como as universidades, centros tecnolóxicos ou empresas innovadoras) atópanse moi lonxe do rural, a pesar de separarnos so uns poucos quilómetros.

Todas as propostas se integraron dentro de dous obxectivos fundamentais: a igualdade de dereitos e oportunidades de tódalas persoas que viven e traballan no rural, con especial atención ó papel da muller, porque, entre outros moitos indicadores, se revelou moi débil no Programa Leader 2007-2013 con un papel case inexistente. E o respecto polo medio ambiente, buscando solucións innovadoras que cambien o paradigma económico sen que elo redunde, dentro do posible, no poder adquisitivo da poboación rural.

O establecemento de obxectivos integrais da estratexia de desenvolvemento local con base nas áreas de actuación prioritaria e importantes da mesma, fíxose atendendo ós elementos comúns que lle dan coherencia ás accións: animación social e promoción das actuacións colectivas e cooperativas, creación de redes, creación de emprego, mellora da competitividade, mellora da

calidade de vida, redución da pobreza, innovación, e apoio á produción.

Polo tanto, a estratexia non se constrúe como un programa de desenvolvemento sectorial, senón que conta cun fundamento multisectorial que integra varios sectores de actividade. As medidas e proxectos da estratexia coordínanse como un conxunto coherente e, o máis importante, vincula os diferentes axentes e sectores económicos, sociais, culturais e ambientais participantes. A estratexia plantexouse como unha concepción multisectorial e con enfoque ascendente, polo que o resultado é integral e pensada pola propia sociedade rural beneficiaria.

OS OBXECTIVOS RECOLLIDOS NA ESTRATEXIA

Obxectivos no sector agrícola e gandeiro

- Incrementar o amor propio e a consciencia da calidade dos nosos produtos.
- Facer do queixo e dos produtos agroalimentarios un produto e reclamo turístico
- Transformación do leite:
 - En queixo D.O.P. Arzúa-Ulloa a través das queixerías.
 - Incentivar os pequenos produtores queixeiros.
 - En produtos diferentes do queixo.
- Diversificar:
 - Nas explotacións de vacún, cara outras producións.
 - Nas explotacións, cara a transformación e venda.
 - A produción de derivados lácteos, cara outros produtos diferentes do queixo.
 - Incrementar o amor propio e a consciencia da calidade dos nosos produtos.
- Mellorar a comercialización dos produtos agroalimentarios:
 - Dalos a coñecer e promocionalos no C. de Santiago.
 - Abrir novos mercados.
 - Diferencialos con etiquetas de calidade.

Obxectivos no sector turístico

- Transformar en produtos turísticos os recursos patrimoniais do territorio UTM, achegándolle o modo de vida local, a cultura, a natureza, a etnografía, a gastronomía En definitiva, mellorar a súa vivencia:
 - En primeiro lugar, aqueles elementos capaces, por si solos, de atraer visitantes e determinados como prioritarios na estratexia: Embalse e ferri de Portodemouros, Praza do Convento, Mosteiro e lagoa de Sobrado, Mosteiro de San Antolín e Fervenza das Brañas de Toques, Ribeira do Ulla, Igrexa de Santa María e batán de Mezonzo e Camiños de Santiago. En particular:
 - Promocionar o río Ulla como recurso turístico ambiental, sostible e accesible.
 - Mellorar a experiencia do peregrino no Camiño de Santiago e achegarlle a riqueza do territorio para:
 - Incrementar o gasto diario.
 - Incrementar o número de días no territorio.
 - Conseguir unha segunda visita
- Aproveitar a capacidade de arrastre do turismo para outros produtos e outros sectores económicos, especialmente a artesanía e os produtos agroalimentarios.
- Promoción turística do territorio:
 - Camiño Norte e Camiño Primitivo.
 - Promocionar e conseguir o recoñecemento oficial da Ruta do Holandés.

Obxectivos do sector forestal

- Mellorar a rendibilidade económica das especies autóctonas:
 - Diversificación:
 - Os aproveitamentos económicos forestais: cogomelos, castaña, froitos, cortiza, etc.
 - As plantacións madeireiras cara especies distintas das coníferas e eucaliptos: castiñeiro, nogueira, froiteiras, cerdeira, etc.
 - Os usos económicos e sociais do monte: caza, aventura, deporte, etc.
 - Transformación:
 - Biomasa como fonte de enerxía sostible e aproveitamento de subprodutos forestais.

- Industrias agroalimentarias produtos forestais
- Diferenciarlos con etiquetas de calidade: ecolóxico, certificación, custodia, etc.
- Evitar o abandono
- Fomentar dos aproveitamentos económicos e/ou social do monte nas áreas protexidas (Rede Natura 2000).

Obxectivos do sector da industria e o comercio

- Mellorar a innovación e potenciar empresas tecnolóxicas, ambientais e con formte potencia de crecemento.
- Diversificar e mellorar o tecido empresarial
- Potenciar o asentamento de empresas e facilitar o emprendemento.

Obxectivos de sociedade e xénero

- Reducir o paro de longa duración e crear emprego
- Crear e mellorar servizos para mellorar o nivel de vida, inclusión social e redución da pobreza.
- Igualdade como obxectivos transversal.
 - Que a lo menos un 30% das solicitantes sexan mulleres.
- Mellorar o nivel de renda da poboación.
- Facer do GDR un interlocutor máis accesible de intermediación da poboación coa administración para levar medidas e propostas concretas.

